

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 16/05/2022  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16/05/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09-may-2022, que se aprobou por unanimidade.

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2022/1364**

Dáse conta de escrito presentado por D. José Vilas Cerneira solicitando a instalación de espello no acceso a Rúa do Souto, para facilitar a incorporación dos vehículos.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, no mastil existente, dado que non afecta á circulación viaria.

Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

**PRP2022/1387**

Dáse conta de escrito presentado por D. Concepción Torrado Torres solicitando a instalación de espello na saída do seu garaxe, na rúa Salgueiral nº 20, para facilitar a a incorporación á vía pública

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación do espello, efectivamente melloraría as condicións de visibilidade.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

En relación á instalación de elementos de calmado de tráfico, a vía non é de titularidade municipal polo que correspondería ao Organismo Titular da Estrada (Xunta de Galicia) a adopción das medidas que consideren necesarias.

**PRP2022/1455**

Dáse conta de escrito presentado por Dona Maria Dolores Abalo Carballido, sobre a legalidade da terraza do Bar Laura, situado na Rúa Arcebispo Xelmirez, así como un problema na sinalización da Rúa e un tema de ameazas por parte da titular do establecemento, cando a solicitante estaba acompañada polas súas fillas.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle o seguinte:

- A licenza da terraza atopase en trámite.
- O sinal xa está colocado.
- O tema das ameazas deberá, en todo caso, poñer a correspondente denuncia na Policía Nacional.

#### **PRP2022/1456**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Silvia Covelo Cavaleiro solicitando a intermediación da Policía Local para que a propiedade faga o pertinente para evitar a entrada de augas na finca situada na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 3.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle:

- O edificio lindeiro atopase con orde de paralización.
- No caso de danos, podería facer unha reclamación civil por danos, se o considera procedente.

#### **PRP2022/1461**

Dáse conta de solicitude de D. Marcos Rodríguez Martínez, para instalación por parte do Grupo Político VOX, dunha mesa e carpa informativa na Praza de Galicia o día 7 de maio de 2022, de 11:30 a 14:00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/1527**

Dáse conta de informe do Departamento de Informática en relación coa cesión de determinado material informático inservible para o Concello ao Instituto Armando Cotarelo Valledor, para a realización de prácticas de Hardware do alumnado:

- 1.- CPU's sen disco duro, antigos e inservibles para o Concello.
- 2.- Pantallas de formato pequeno ou pantallas avariadas.
- 3.- Un plotter antigo inservible para o Concello.
- 4.- Varias impresoras antigas e inservibles para o Concello.
- 5.- Un Thin Client.
- 6.- Unha etiquetadora.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/1528**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a compra de quince Thin Cliente RX-420-HDX, para a reposición de ordenadores persoais antigos nas Oficinas Municipais, á empresa Ozona Consulting S.L. por un prezo de 4.804,31 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1558**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proced á instalación dun sinal de Rúa sen saída (S-15) na confluencia das Rúas Pino Manso coa súa travesía, co fin de informar aos condutores.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

#### **PRP2022/1559**

Dáse conta de escritos presentados por D. Johannes Somme Perez Galdós en relación con estacionamentos na Rúa Marxión.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2021 acordou que se procedera á sinalización vertical e horizontal na cita da Rúa, comprobándose non se realizou a sinalización horizontal, no día da data.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización vertical e horizontal, coa colocación de sinal R-308 e horizontal en ambas marxes de prohibición do estacionamento a partir da citada intersección, á maior brevidade posible, cando cumprimento ao acordo citado de 10 de maio de 2021.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

#### **PRP2022/1560**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera SL para a reparación do vehículo matrícula 5479-GJC, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 985,59 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1562**

Dáse conta de escrito presentado por D. Roger Cartagena Vime, en nome e representación de BANCO SANTANDER SA poñendo en coñecemento do Concello que cando se inicie o procedemento de resolución do contrato de Concesión para construción e xestión do servizo municipal de estacionamento soterrado de vehículos na Praza Xoan XXIII, antes de resolver, deberá darse audiencia a Banco Santander SA, na súa condición de acredor hipotecario, para que poida exercitar os seus dereitos como acredor hipotecario, entre os que se encontra a posibilidade de subrogarse en lugar do concesionario (Proinsa).

A Xunta de Goberno local queda sabedora e acorda remitir o presente acordo á Administración Concursal aos efectos oportunos.

#### **PRP2022/1567**

Dáse conta do escrito presentado polo CLUB VILAGARCÍA, S.D. no que solicita, autorización de uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do V TORNEO PAZO DA GOLPELEIRA BENXAMÍN, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 09:00-22:00 horas.

Dáse conta de Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de autorización ao CLUB VILAGARCÍA, S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do V TORNEO PAZO DA GOLPELEIRA BENXAMÍN, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 09:00-22:00 horas, con indicacións das condicións que deben cumprir para o desenvolvemento do citado evento.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a celebración do citado Torneo.

#### **PRP2022/0776**

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Cuevas SL, para instalación dde postais ao abeiro do Convenio asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Dona Maria del Carmen Iglesias Miguéns para mellora de vial en Guillan, por importe total de 3.594,12 € (IVE incluído), con cargo á partida 151.780.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **RECURSOS HUMANOS**

#### **PRP2022/1512**

Dáse conta de Resolución da Alcaldía de aprobación de Oferta de Emprego Público 2022 extraordinaria de estabilización de emprego temporal previsto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes apra a redución da temporalidade no emprego público (147 prazas).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2022/1271**

Dáse conta da 1º liquidación de 2022 (correspondente á primeira metade do curso escolar 2021/2022) en réxime de cofinanciamento das Escolas Infantís A Galiña Azul xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguintes importes:

Escola Infantil de Vilagarcía- Carril (67 prazas): 30.150,00 €

Escola Infantil de Vilagarcía- Vilaxoán (73 prazas): 32.850,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a súa aprobación, con cargo á partida 323.22611.

#### **PRP2022/1272**

Dáse conta da 1º liquidación de 2022 en réxime de cofinanciamento do centros de día xestionado a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguinte importe:

Centro de Día de Vilagarcía de Arousa (10 prazas): 12.500,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a súa aprobación con cargo á partida 231.22646.

### **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

#### **EDUCACIÓN**

### **PRP2022/1518**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Baños Print SL** para os gastos de imprenta con motiva da celebración da V Edición do Festival de Música Internacional Clasclas 2022, por un importe total de 683,66€ (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2022/1519**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento da empresa Lamarka (Deborah Fontenla Oliveira) correspondente a adquisición de material de merchandising (250 camisetas), con motivo da celebración da V Edición do Festival Internacional de Música Clasclas 2022, por un importe total de 1.275,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2022/1525**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por Fundación Galicia Obra Social (Ataquilla), correspondente á distribución de entradas para catro concertos de balde da V edición do Festival Internacional de Música Clasclas 2022, por un importe total de 242,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2022/1555**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a modificación do Orzamento de gastos e ingresos da V edición Festival Internacional de Música clasclás 2022, dentro do Proxecto 2022-3-CRRTE-6 tal e como segue:

- Incrementar á partida do orzamento de gastos 2022 3261 22706 Estudos e traballo técnicos polo importe de 7.136,69 € e para o servizo de catering dos concertos nos Pazos da Golpelleira e Rubiáns.

- Incrementar a partida do orzamento de ingresos 2022-34400 Prezos públicos polo importe de 7.137,60 € correspondente ao ingreso dos prezos públicos establecidos das entradas dos concertos do festival nos Pazos da Golpelleira e Rubiáns.

Esta modificación non ten custo algún para o Concello, xa que a totalidade do gasto que se incrementa será sensiblemente inferior a totalidade dos ingresos previstos.

Segundo.- Aprobar o establecemento dos prezos públicos para a venda das entradas dos Concertos da V edición do Festival Internacional de Música que terán lugar no Pazo de A Golpelleira o día 28 de xuño e no Pazo de Rubiáns o día 29 de xuño cos seguintes prezos, IVE engadido:

- 19,80 € para a entrada individual ao concerto do 28 de xuño no Pazo da Golpelleira. O número de entradas que se porán a venda é de 212.
- 21,00 € para a entrada individual ao concerto do 29 de xuño no Pazo de Rubianes. O número de entradas que se porán a venda é de 140.

#### **PRP2022/1556**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o orzamento da empresa Sens Catering - Cocina Gallega Contemporánea S.L.- con CIF: B 94129095 por un total de 4.197,60 € (3.816,00 € + 381,16 € do 10% IVE), e para o servizo de catering ofrecido por Sens-Restauración, Cocina Galega Conteporánea S.L., logo do concerto do día 28 de xuño de 2022 da V edición do Festival Internacional de Música clasclas con cargo á partida 2022 3261 22706 do Proxecto 2022-3-CRRTE-6 do orzamento modificado do Festival para o ano 2022.

Segundo.- Aprobar o orzamento presentado por Pazo de Rubianes S.L. con CIF B 94162617 e por un importe total de 2.939,09 € ( 2.429,00 + 510,09 do 21 % IVE), e para o servizo de degustación de viño Pazo de Rubianes logo do concerto do día 29 de xuño de 2022 da V edición do Festival Internacional de Música clasclas con cargo á partida 2022 3261 22706 do Proxecto 2022-3-CRRTE-6 do orzamento modificado do Festival para o ano 2022.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1522**

Vista a proposta da Concellería de Educación, en relación coa xustificación das axudas concedidas ás ANPAS dentro do Plan Madruga 2019-2º prazo, e visto o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor das seguintes entidades por un importe total de 2.040,00 €, con cargo á partida 320.48003, polo período de setembro a decembro 2019, de conformidade coa documentación xustificativa aportada, coa seguinte desagregación:

- ANPA AREALONGA: 340,00 €
- ANPA VAGALUME: 340,00 €
- ANPA DR. FLEMING: 340,00 €
- ANPA A LOMBA: 340,00 €
- ANPA PIÑEIRIÑO. 340,00 €
- ANPA VILAXOAN: 340,00 €

#### **PRP2022/1563**

Dáse cona de Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Univesidade de concesión de axudas aos concellos para a adquisición de novidades editoriais en galego en formato físico para a mellora das colección bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para o ano 2022, pola que se concede a este Concello a cantidade de 2.352,94 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

## XUVENTUDE

### PRP2022/1606

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, para a realización do programa de campamento urbano de verán: un medioambiental, un ecoartístico (naturarte) e outro de Multiaventura con 60 prazas (20 por campamento), onde os/as participantes asistirán, a cada campamento, agrupados en dous grupos de dúas aulas cada un (10 por aula e monitor, tal e como establece o Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude da Xunta de Galicia e publicado no DOG do 10 de marzo de 2000) no Auditorio.

Os campamentos desenvolveranse nas seguintes quendas de xullo e agosto de 2022 e nas seguintes instalacións ademais de na Illa de Cortegada, Castroalobre parques e xardíns, praia Compostela e outros puntos da contorna natural de Vilagarcía: Campamento Urbano Medioambiental

(dúas aulas no Auditorio de Vilagarcía)

QUENDA do 4 ao 15 de xullo (de luns a venres)

Horario: de 9.00 a 14.00 h

2 grupos de 10 participantes, cada un, de 8 a 12 anos

? Campamento Urbano Ecoartístico (Naturarte)

(dúas aulas no Auditorio de Vilagarcía)

QUENDA do 18 ao 29 de xullo (de luns a venres)

Horario: de 9.00 a 14.00 h

2 grupos de 10 participantes, cada un, de 8 a 12 anos

? Campamento Urbano Multiaventura

(dúas aulas no Auditorio de Vilagarcía)

QUENDA do 1 ao 12 de agosto (de luns a venres)

Horario: de 9.00 a 14.00 h

2 grupos de 10 participantes, cada un, de 8 a 12 anos

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. A aprobación das bases públicas no servizo de Campamentos Urbanos de verán: Medioambiental e Ecoartístico (naturarte) e Multiaventura de Xuventude.

2. A adxudicación a D. Luis ANgel Gómez suarez (Corticata Turismo Medioambiental) do servizo de monitoraxe e desenvolvemento do programa, cpor un importe total de 10.499,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610, de conformidade coa oferta presentada.

A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

Contratación de monitoraxe titulado

Adopción dos protocolos e medidas de protección e de prevención do COVID 19 tal e como veñen establecidos por lei, adaptando os mesmos á medida de que estos vaian sendo ampliados ou modificados e suspendendo determinadas actividades se o determinasen as autoridades competentes na materia que siguen a evolución da pandemia, e se así o aconsellan. Con tal motivo, terá que suscribirse o convenio adxunto entre o concello e a empresa.

Asumirán ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.

3. A colaboración puntual por parte da Policía Local e de Protección Civil en algúns dos desprazamentos. Tales desprazamentos serán indicados por escrito antes do comezo de cada unha das actividades campamentais.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2022/1480**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Maderas Impregnadas para Exterior SL para fabricación e subministro de pasarelas para a súa substitución no acceso de peóns da Praia Concha Compostela, por un importe total de 17.956,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 1722.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1524**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa NELMAR SLU para reparación do pavimento de caucho para posterior colocación de cespced artificial así como restauración de elementos do Parque Infantil Alameda de Carril, por un importe total de 17.545,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/1573**

Coa finalidade de colaborar dunha forma activa na protección dos montes do municipio apoiando a posta en marcha de proxectos forestais que persigan a finalidade de defensa e protección do monte contra os incendios forestais, este Concello convoca dende hai anos as axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuación preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios do Concello de Vilagarcía de Arousa 2022, por importe de 84.999,99€ con cargo á partida 1720.489, establecendo un prazo para presentar solicitudes de 20 días naturais cotados a partir do día seguinte á data da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. É un prazo para resolver as solicitudes que será como máximo de 2 meses.

### **TURISMO**

#### **PRP2022/1575**

Dáse conta de proposta da Concellería de Turismo en relación coa celebración os días 15, 16 e 17 de xullo, na Praia da Concha, o ATLANTIC FEST 2022, organizado por New Live Promociones Culturales SL, indicando que eventos como o Atlantic Fest forman parte da estratexia que Concello, dende diversas áreas, está a desenvolver para a promoción de Vilagarcía como destino turístico.

Á vista da citada proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a declaración do citado



Festival como de Interese Turístico Local.

## CULTURA

### PRP2022/1526

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por HISCOX SA para a contratación dunha póliza de seguro para a exposición colectiva "A Ruta da Arte 2022" na Sala Municipal de Exposicións Rivas Briones, do 13 de maio ao 30 de xuño de 2022, por un importe de 270,38 €, con cargo á partida 334.224. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2022/1529

Vista a solicitude de Dona M<sup>a</sup> Josefa Longo Blanco, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Romaría Dos Anxos en Trabanca Sardiñeira o vindeiro día 7 de agosto de 2022:

- Actuación de Orfeón Alento Xoven por un importe de 335,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### PRP2022/1530

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación MM.RR. A Piñousa de Cea por un importe total de 1.784,63 € con cargo á partida 334.22703:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	CORRIENTE	INVERSIÓN	TOTAL C+I
DISTRIBUCIONES FROIZ	A36036739	Diverso material de limpeza	250,53 €		250,53 €
CASTROMAN ISL	B36406650	Diverso material (cadeira, espello, mopa, mango, alfombra, etc)	1.534,11		1.534,11 €
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL CEA			1.784,63 €

Así mesmo acórdase que se reintegre o sobranse a partida correspondente, que ascende a cantidade de 15,37 €

### PRP2022/1531

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Mulleres Rurais Anduriña de Sobradelo por un importe total de 1.795,43 € con cargo á partida 334.22703:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	CORRIENTE	INVERSIÓN	TOTAL C+I
ANA BELEN DIAZ CASAL	35461962X	Servizo de limpeza unha vez ao mes 4 h. (total 48 hr)	696,96		696,96 €
CASTROMAN ISL	B36406650	Diverso material limpeza	1.098,47		1.098,47 €
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL SOBRADELO			1.795,43 €

Así mesmo acórdase que se reintegre o sobranse a partida correspondente, que ascende a cantidade de 4,57 €

#### PRP2022/1534

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Centro Cultural e Deportivo Sixto por un importe total de 1.799,27 € con cargo á partida 334.48201:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	CORRIENTE	INVERSIÓN	TOTAL C+I
CONSTRUCCIONES BAULO OUBIÑA SL	E94067568	Traballos a realizar en terraza exterior e material necesario para a mesma		1.799,27	1.799,27 €
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL O SIXTO - SOLOBEIRA			1.799,25 €

Comunicáselles que para facer efectiva a colaboración económica comprometida, será preciso que pola asociación asinante se presenten xustificantes de gastos por algún dos conceptos que entran dentro do ámbito de colaboración xunto cós respectivos xustificantes de pago, os cales deberán cubrir como mínimo o importe comprometido (CLÁUSULA 2ª DO CONVENIO ECONÓMICO-CULTURAL ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ENTIDADE CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO O SIXTO DE SOLOBEIRA DE TITULARIDADE NON MUNICIPAL)

#### PRP2022/1536

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Grupo San Roque por un importe total de 1.800,00 €:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	CORRIENTE	INVERSIÓN	PARTIDA
Mª Jesús López Figueira	35445682Z	Curso de manualidades e pintura (abril e xuño)	900,00		334.22703
Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL	B36296440	Proxector e pantalla		900,00	334.62500
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL SAN ROQUE			1.800,00 €

#### PRP2022/1538

Vista a solicitude de Dona Gema Pizarro Expósito, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 27 de maio de 2022, durante toto o día, para a celebración dunha gala de danza, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

O prezo das entradas será: Zona A e B: 4 €; Zona C: 3 €, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 61,20 €
- Operarios (2): 163,20 €
- TOTAL: 489,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

#### **PRP2022/1540**

Vista a solicitude de Dona Lidia Abalo Cespón, en representación da Asociación Cultural Virxe do Carmen Loenzo de Abaixo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme o vindeiro día 14 de agosto de 2022:

- Actuación do Grupo de Gaitas do Centro Cultural e Deportivo Santa Plácida por un importe de 391,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2022/1542**

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, de concesión de subvención por importe de 23.468,81 € para a realización da actividade "Combate Naval de Vilagarcía de Arousa 2022", cun orzamento total de 41.198,08 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **CONTRATACIÓN**

#### **PRP2022/1504**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda nomear ao Arquitecto Municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, como Director da Obra do investimento denominado CT04/2022 "Mellora de accesibilidade, 2ª fase 2020 nas rúas Doutor Tourón, Marxión e Urbanización O Piñeiriño".

#### **PRP2022/1509**

Dáse conta do expediente de contratación CT 75/2021-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria e anticipada de gasto, mediante licitación electrónica,

para adjudicar as obras incluídas no denominado "Reforma de local na Rúa Castelao 7 para Biblioteca Municipal" cofinanciado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra a través do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións Singulares para recuperación Post Covid 19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia), cun orzamento de licitación de 1.768.042,71 € (IVE incluído) e dos licitadores presentados e admitidos, seguintes:

NIF: B15675515 CITANIAS Obras y Servicios SLU

NIF: B36816189 CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU

NIF: B32184558 CONSTRUCCIONES OREGA

NIF: B33595513 ESVEDRA OBRAS Y REFORMAS S.L.U.

NIF: A32118705 MISTURAS, S.A.

NIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL

NIF: B32021487 OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO SL

NIF: B15886328 OGMIOS PROYECTO, S.L.

NIF: A70319678 PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

NIF: A32032039 PROYECON GALICIA,S.A.

NIF: B70372032 SERGONSA SERVICIOS, S.L.

NIF: B70240593 UTE BIIBLIOTECA VILLAGARCIA

NIF: B70218185B70538459B27429653 UTE DESARROLLA - NOVAVIAL - MANUEL NOVOA CASTRO

Dáse conta do informe técnico do Arquitecto Municipal en relación coa xustificación de oferta anormalmente baixa presentada polos seguintes licitadores:, no que se propón desestimar a xustificación de valores desproporcionados presentados polos licitadores ós efectos de que o órgano de contratación o teña en consideración cando tome o correspondente acordo de adjudicación:

- UTE BIBLIOTECA VILLAGARCIA
- PROYECON GALICIA SA
- MISTURAS SA
- CONSTRUCCIONRES OREGA SL
- CONSTRUCCIONES RAMIREZ SL

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores, inha vez aplicados os criterios de valoración previstos no PCAP

Orde: 1NIF: B70240593 UTE BIIBLIOTECA VILLAGARCIA Propuesto para su exclusión Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100 Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: A32118705 MISTURAS, S.A. Propuesto para su exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 92.14

Total puntuación: 92.14

Orde: 3NIF: B32184558 CONSTRUCCIONES OREGA. Propuesto para su exclusión Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 91.4 Total puntuación: 91.4

Orde: 4NIF: B36011005 CONSTRUCCIONES RAMÍREZ SL. Propuesto para su exclusión Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 90.49 Total puntuación: 90.49

Orde: 5NIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL. Propuesta para la adjudicación Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 89.86 Total puntuación: 89.86

Orde: 6NIF: B15675515 CITANIAS Obras y Servicios SLU

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 89.85

Total puntuación: 89.85

Orde: 7NIF: A70319678 PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 88.82

Total puntuación: 88.82

Orde: 8NIF: B15886328 OGMIOS PROYECTO, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 88.8

Total puntuación: 88.8

Orde: 9NIF: B70372032 SERGONSA SERVICIOS, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 87.29

Total puntuación: 87.29

Orde: 10NIF: B36816189 CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 83.84

Total puntuación: 83.84

Orde: 11NIF: B70218185B70538459B27429653 UTE DESARROLLA - NOVAVIAL - MANUEL NOVOA CASTRO

Total criterios CJV: Total criterios CAF: 82.5 Total puntuación: 82.5

Orde: 12NIF: B32021487 OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 81.59

Total puntuación: 81.59

Orde: 13NIF: B33595513 ESVEDRA OBRAS Y REFORMAS S.L.U.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 79.82

Total puntuación: 79.82

Orde: 14NIF: A32032039 PROYECON GALICIA,S.A. Propuesto para su exclusión Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 76.71 Total puntuación: 76.71

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A exclusión da licitación, polos motivos expresados no informe do Arquitecto Municipal, das empresas que a seguir se indican: UTE BIIBLIOTECA VILAGARCÍA; MISTURAS, S.A.; CONSTRUCCIONES OREGA; CONSTRUCCIONES RAMIREZ e PROYECON GALICIA, S.A.

2.- Adxudicar o contrato de obra denominado "Reforma de local na Rúa Castelao 7 para Biblioteca Municipal" cofinanciado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra a través do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións Singulares para recuperación Post Covid 19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia), cun orzamento de licitación de 1.461.192,32 € (sin IVA)1.768.042,71y €de(IVA incluído), á Empresa Obras Gallaecia SL, con CIF B70018981, de conformidade coa súa oferta, por presentar a mellor oferta calidade prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 1.362.203,48 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 286.062,73€, o que totaliza un importe de 1.648.266,21 € (IVE incluído)

- Melloras:

- ESTANTERÍA EMPOTRADA DM H. MELAMINA H 2,26 m que figura na partida 12.01 do proxecto técnico de obra.
- ESTANTERÍA EXENTA DOBLE DM H. MELAMINA 2,26 m que figura na partida 12.02 do proxecto técnico de obra.
- MESA ADOSADA A FACHADA MDF MELAMINA que figura na partida 12.03 do proxecto técnico de obra.
- BANCO MADERA ADOSADO MELAMINA que figura na partida 12.04 do proxecto técnico de obra.
- MOSTRADOR INFORMACIÓN MDF MELAMINA que figura na partida 12.05 do proxecto técnico de obra.
- ESTANTERÍA BAIXA CURVA MDF MELAMINA que figura na partida 12.06 do proxecto técnico de obra.
- ESTANTERÍA BAJA RECTA MDF MELAMINA que figura na partida 12.07 do proxecto técnico de obra.
- ESTANTERÍA EXPOSITOR MDF MELAMINA que figura na partida 12.08 do proxecto técnico de obra.
- SILLA MADERA LAMINADA FAIA que figura na partida 12.09 do proxecto técnico de obra.
- MESA BIBLIOTECA 320x100 cm que figura na partida 12.10 do proxecto técnico de obra.
- MESA BIBLIOTECA 400X100 cm cm que figura na partida 12.11 do proxecto técnico de obra.
- MESA BIBLIOTECA 240x100 cm que figura na partida 12.12 do proxecto técnico de obra.
- MESA BIBLIOTECA 160X100 cm que figura na partida 12.13 do proxecto técnico de obra.
- MESA OFICINA 160x80 cm que figura na partida 12.14 do proxecto técnico de obra.
- SILLA OFICIÑA RODAS que figura na partida 12.15 do proxecto técnico de obra.
- MESA REUNIÓN REDONDA PE METÁLICO que figura na partida 12.16 do proxecto técnico de obra. .
- MESA REDONDA d=1 m H=46 cm que figura na partida 12.17 do proxecto técnico de obra.
- SILLA FORMICA APILABLE INFANTIL que figura na partida 12.18 do proxecto técnico de obra.
- TAQUILLA 2 PUERTAS 33x46x178 cm que figura na partida 12.19 do proxecto técnico de obra.
- SISTEMA ANTIHURTO PARA BIBLIOTECA cm que figura na partida 12.20 do proxecto técnico de obra.
- CARTEL EXTERIOR BIBLIOTECA que figura na partida 12.21 do proxecto técnico de obra.

3.- Requerir á empresa OBRAS GALLAECIA, S.L., para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, presente a documentación establecida nos pregos que rexen a licitación e que non poida obterse a través do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, das bases de datos da Axencia Tributaria e da Seguridade Social, así como para a constitución de garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación IVE excluído.

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2021 de aprobación de gasto e a adxudicación do contrato de servizos denominado POSTA EN MARCHA DA OFICINA DE FORMACIÓN E ATENCIÓN DIXITAL durante 12 meses a partir do 2 de agosto de 2021 á empresa ASESORAMIENTO Y DERRARROLLO DE SOLUCIONES EMPRESARIALES SL. CIF B-94099496, Prza. de Galicia 10, Entlo. por contía de total de 14.700 Euros que afectarán a dous exercicios orzamentarios de acordo coa distribución que consta no orzamento presentado, coa imputación que se indica, financiándose con cargo á partida 241.2279917 do proxecto 2018-3- DUSI-2 da VLG\_A17\_ INCL:

Figurando no mesmo:

Do 2 de agosto ao 31 de Decembro de 2021 -----6.125,00 € IVE INCLUÍDO

Do 1 de xaneiro a 1 agosto de 2022----- 8.575,00 € IVE INCLUÍDO

E debendo figurar:

Do 2 de agosto ao 31 de Decembro de 2021 -----6.125,00 Exento IVE €

Do 1 de xaneiro a 1 agosto de 2022----- 8.575,00 Exento IVE €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

### **PRP2022/1521**

Dáse conta de comuncación polo Xulgado do Mercantil nº 1 de Pontevedra de nomeamento e aceptación por D. José Ramón Millán Cidon como administrador concursal do debedor Actividades de Construcción Edificación y Viales SL.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2022/1523**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de la O Fernández gonzález en relación cos expedientes de adxudicación dos contratos menores relativos á redacción de proxecto básico e de execución e de dirección de obra das obras de "Humanización da Rúa Arcebispo Lago"

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se trata de dous contratos menores con diferente obxecto e diferentes exercicios orzamentarios, axustandos ao indicado na Instrucción 1/2019, de 28 de febreiro, sobre contratos menores, publicada no BOE de 7 de marzo de 2019.

### **PRP2022/1545**

Dáse conta de resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa, por reinvestimento de baixa definitiva, da cantidade de 33.399,15 €, co obxecto de financiamento do investimento "Construcción de Muro de Contención entre Rúa Souto de Arriba e a Rúa Centro, en Castroagudin.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2022/1565**

Dáse conta de escrito presentado por D. Juan Manuel Fajardo Recouso en nome do Grupo Municipal de Vialgarcía en Común, solicitando informe en relación cos contratos realizados polo sistema de adxudicación directa, ou método negociado, con contías inferiores a 15.000 € (sen IVE) dos anos 2020, 2021 e 2022.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que pode examinar os contratos tramitados no Departamento de Contratación no Perfil do Contratante.

Así mesmo comunícaselle que todas as adxudicacións figuran nos extractos da Xunta de

Goberno Local publicados na Sede Electronica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

### PRP2022/1572

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa CONSTRUCCIONES METÁLICAS CUEVAS SL o subministro e instalación de tres fiestras abatibles para o Centro de Remo de Vilaxoán, por un importe total de 1.390,16 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2022/1557

De conformidade coa Operación “Desenvolvemento de plans de intervención para a inclusión” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado “Posta en marcha da Oficina de Formación e Información Dixital”, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da Obrigación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
ASESORAMIENTO Y DESARROLLO DE SOLUCIONES EMPRESARIALES S.L.	ASD22 0016 REG 2022/2665	1.225,00€	241-2279917 AD 20219-28	Accións de formación e atención na Oficina de Formación e Información Dixital. Abril 2022 (14 horas)
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Líña de actuación Operación VLG_LA_17_ INCL, ao Proyxcto 2018-3-DUSI-2 e a aplicación orzamentaria 241-2279917.				

### PRP2022/1574

Vista a conta xustificativa do pago a xustificar Nº 220220001268 por importe de 6.300,00€ para PAGOS PREMIOS ENTROIDO 2022 aprobada pola Xunta de Goberno Local de 21/02/2022, presentados pola habilitada LUZ M<sup>a</sup> ABALO PÉREZ

Vista a fiscalización FAVORABLE da Intervención Municipal

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar Nº 220220001268 por importe de 6300,,00€ para PAGOS PREMIOS ENTROIDO 2022, co seguinte detalle:

Nº de Entrada	Fecha	Nome	Texto Explicativo	Importe Total
J/2022/28	07/04/2022	LOUZAN BLANCO, ROCIO	1ºPREMIO GRUPO ATA 20 COMPOÑENTES ""ANTES DAS ONCE"".	800,00
J/2022/29	07/04/2022	MARTINEZ TUBIO, MARIA JOSE	1º PREMIO PARELLA INFANTIL ""LAS GUACAMAYAS""	150,00
J/2022/30	07/04/2022	PINTOS NIETO, TIFFANY	1º PREMIO INDIVIDUAL ADULTO ""D.MOUCO E A SÚA PLUMAXE DE BOLSAS DE PAPEL"".	100,00
J/2022/31	07/04/2022	PEREZ LAPIDO, M <sup>a</sup> CARMEN	1º PREMIO PARELLA ADULTO ""XAN E PERICÁN"".	150,00
J/2022/32	07/04/2022	FONTAN CAEIRO, BEGOÑA	2º PREMIO PARELLA ADULTO ""IMOS PARA A FEIRA"".	100,00
J/2022/33	07/04/2022	CONDE GOLDAR, ROGELIO	3º PREMIO PARELLA ADULTO ""ALASKA E VAQUERIZO""	75,00
J/2022/34	07/04/2022	GARRIDO CASTRO, EMMA DANIELA	2º PREMIO ATA 20 COMPOÑENTES ""OS MÚSICOS""	500,00



J/2022/35	07/04/2022	FONTAN CAEIRO, BEGOÑA	3º PREMIO GRUPO ATA 20 COMPOÑENTES ""LAS CHIQUI M&MS"".	300,00																									
J/2022/36	07/04/2022	ASOC. CUL. OS REMOLONS SOBRAD	1º PREMIO GUPO MÁIS DE 20 COMPOÑENTES ""LE DAMOS COLORÍN AL AMOR Y AL FESTÍN"".	1.300,00																									
J/2022/37	07/04/2022	APA ANEXO A LOMBA, DR. FLEMING	2º PREMIO GRUPO MAIS DE 20 COMPOÑENTES ""FOLIADA DO ANEXO"".	800,00																									
J/2022/38	07/04/2022	ANPA COLEXIO A ESCARDIA	3º PREMIO GRUPO MAIS DE 20 COMPOÑENTES ""TONGO FEST"".	500,00																									
J/2022/39	07/04/2022	CASTIÑEIRAS BOQUETE, NOEMI	ACCÉSIT A GRUPO MÁIS DE 20 COMPOÑENTES ""A TRIBU O QUE QUEIRA QUE VEÑA"".	400,00																									
J/2022/40	07/04/2022	GIL HERMO, JULIO	ACCÉSIT CHOQUEIRO	50,00																									
J/2022/41	07/04/2022	CERQUEIRAS PEREZ, LORENA	ACCÉSIT CHOQUEIRO.	50,00																									
J/2022/42	07/04/2022	REY CEBRAL, JOSE CARLOS	ACCÉSIT CHOQUEIRO.	50,00																									
J/2022/72	07/04/2022	TORRES IGLESIAS, SHEILA	1º PREMIO INDIVIDUAL INFANTIL ""A RAIÑA VERMELLA""	100,00																									
J/2022/73	07/04/2022	CASTOR LAGARES, ROCIO	2ª PREMIO INDIVIDUAL INFANTIL ""A VIAXEIRA DO TEMPO"".	75,00																									
J/2022/74	07/04/2022	BREA MUÑIZ, RICARDO	3º PREMIO INDIVIDUAL INFANTIL ""EL PEQUEÑO PILOTO"".	50,00																									
J/2022/75	07/04/2022	CESPÓN GONZÁLEZ, CRISTINA	2º PREMIO INDIVIDUAL ADULTO ""ARBUSTO"".	75,00																									
J/2022/76	07/04/2022	CASCÓN VÁQUEZ, MANUEL	3º PREMIO INDIVIDUAL ADULTO ""O NENO QUE CHORA E RIE"".	50,00																									
				5.675,00																									
<table border="1"> <tr> <td>IMPORTE A XUSTIFICAR</td> <td>6.300,00</td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>TOTAL GASTOS XUSTIFICADOS</td> <td>5.675,00</td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>DIFERENCIA REINTEGRADA</td> <td>597,00</td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>COMISIÓNS BANCARIAS</td> <td>28,00</td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>TOTAL XUSTIFICADO</td> <td>6.300,00</td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> </table>					IMPORTE A XUSTIFICAR	6.300,00				TOTAL GASTOS XUSTIFICADOS	5.675,00				DIFERENCIA REINTEGRADA	597,00				COMISIÓNS BANCARIAS	28,00				TOTAL XUSTIFICADO	6.300,00			
IMPORTE A XUSTIFICAR	6.300,00																												
TOTAL GASTOS XUSTIFICADOS	5.675,00																												
DIFERENCIA REINTEGRADA	597,00																												
COMISIÓNS BANCARIAS	28,00																												
TOTAL XUSTIFICADO	6.300,00																												

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.